

PLAN DE DIFUSIÓN E IMPLANTACIÓN



CPI DE ATIOS VALDOVIÑO

ÍNDICE

Introdución	Páx. 3
Diagnóstico inicial	Pax. 4
Estratexias de difusión	Páx. 4
Estratexias de implementación	Páx. 7
Resultados esperados	Páx. 7

PLAN DE DIFUSIÓN E IMPLEMENTACIÓN

1. INTRODUCCIÓN

O noso centro o CPI de Atios, está catalogado na Rede de Centros como centro de tres unidades de Educación Infantil, doce unidades de Educación Primaria e oito de ESO está a funcionar con cinco unidades de Educación Infantil, doce de Educación Primaria e nove de ESO incluíndo o Programa de Diversificación Curricular de 3º de ESO no curso 2024-25.



O centro atópase nunha zona rural. Somos unha escola pública integrada nas tres etapas integradas (infantil, primaria e secundaria) temos 523 alumnos e 51 profesores nos definimos como unha escola proactiva e aberta á innovación con máis de 50 anos de existencia



Este plan tenta reflexar o aprendido na mobilidade a Reggio-Emilia (Italia) dentro do marco do proxecto acreditado 2024-1-ES01-KA121-SCH-000236309.

A actividade trata sobre o enfoque Reggio Emilia, que é unha filosofía e pedagogía educativa centrada na educación infantil e primaria cun currículo autodirixido e construtivista, centrado no alumnado e que emprega a aprendizaxe experiencial e autodirixida en ambientes orientados ás relacións.

Por a nosa banda o obxectivo principal de este plan é difundir e implementar os coñecementos adquiridos no curso sobre pedagogía educativa, especificamente centrada na educación infantil e primaria, para mellorar a calidade educativa na aula.

2. DIAGNÓSTICO INICIAL

- **Avaliación de Necesidades:** Realizamos durante o mes de setembro unha enquisa entre os docentes para identificar eas áreas de interese dentro da pedagogía infantil e primaria con ela definimos as actividades de formación que necesitamos e redactamos o PFPP
- **Análise do Contexto:** observamos as condicións educativas actuais, incluíndo recursos, infraestrutura e perfís dos estudantes.

3. ESTRATEXIAS DE DIFUSIÓN

- Reunións informativas:

Dirección do centro, donde o docente que vai a relizar a mobilidade Erasmus + ten unha reunión previa coa directora e coa xefa de estudos de primaria donde se lle informa das características da mobilidade para que exprese se pode interesarlle esa formación. A volta da mobilidade debe elaborar material didáctico (un informe) para difundirlo entre a comunidade educativa.

Comisión de Coordinación Pedagóxica, nesta reunión de carácter mensual o docente que realizou a mobilidade Erasmus+ presenta aos xefes de departamento, coordinadores de ciclo e coordinadores das diferentes dinamizacións.

Claustro do profesorado, neste órgano colexiado de carácter trimestral o coordinador do proxecto Erasmus +fai un resumo e informa das diferentes mobilidades que ten realizado o centro.

- Organización de talleres no centro

Talleres co profesorado, donde o docente que realizou a actividade transmita ao seus compañeiros o aprendido respecto as novas metodoloxías e técnicas pedagóxicas centradas no desenvolvemento infantil. Usando se é necesario casos prácticos e exemplos concretos.

Talleres coas familias, co obxectivo de que as familias observen como traballamos no centro así como as estratexias e a metodoloxía aprendida na mobilidade Erasmus +

Talleres co alumnado, implementando as novas metodoloxías para lograr os nenos e nenos melloren as súas competencias, en especial a competencia persoal, social e de aprender a aprender



Talleres co profesorado



Talleres coas familias



Talleres co alumnado

- **Materiais Didácticos:**

O docente que participa no proxecto Erasmus +, como xa mencionamos debe crear materiais como guías, infografías e vídeos explicativos que resuman os conceptos clave da formación recibida, aprendizaxe activa, pedagogía crítica, enfoque inclusivo...

O material confeccionado estará a disposición da comunidade educativa en diferentes espazo:

Na **páxina web do centro** no seguinte enlace:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpiatios/?q=node/1567>

Na **aula virtual do centro** no seguinte enlace:


<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpiatios/aulavirtual/course/view.php?id=264>

No **espazo Erasmus +** que temos localizado no primeiro andar, donde temos unha pequena exposición adicada as mobilidades realizadas polo centro nos últimos anos




- **Redes sociais:**

Dende o centro difundiremos a experiencia a través de **RadioAtios**, insertando Podcast nas nosa páxina web. Entrevista a docente que fai a mobilidade Erasmus +



Utilizaremos o **Instagram** do centro: <https://www.instagram.com/cpi.atios/> para compartir recursos, testemuños e estratexias pedagóxicas, fomentando unha comunidade educativa dixital.

O produto final da mobilidade Erasmus +, presentarse como resultado nun proxecto **eTwinning** por parte do coordinador Erasmus +, no seu **TwinSpaces** para darlle unha visibilidade mais internacional ao proxecto e ao centro



4. ESTRATEXIAS DE IMPLEMENTACIÓN

- **Aplicación na aula:**

Os docentes aplicarán o aprendido mediante a planificación de actividades baseadas nos principios da mobilidade Erasmus +

- **Aprendizaxe baseada en proxectos:** Fomentar o traballo colaborativo e o pensamento crítico entre os estudantes.
 - **Educación emocional:** Incorporar actividades que promovan o benestar emocional dos estudantes e a súa capacidade para xestionar as súas emocións
- **Observación e retroalimentación**

Implementar un sistema de **observación entre profesorado**, onde os docentes poidan compartir as súas experiencias e recibir retroalimentación construtiva. No **Plan de Formación Permentente do Profesorado** están diseñadas actividades para lograr esta observación e implementación.

- **Avaliación continua**

Realizar avaliacións periódicas do progreso na aula mediante observacións directas, enquisas de satisfacción e análise da aprendizaxe lograda polo alumnado.

5. RESULTADOS ESPERADOS

- Mellora na calidade educativa centrada no estudante, con metodoloxías activas e inclusivas.
- Aumento da motivación e o benestar emocional dos estudantes.
- Desenvolvemento dunha comunidade educativa colaborativa, con intercambio de boas prácticas e reflexións pedagóxicas.
- Este plan busca asegurar que o aprendido no curso non só quede na teoría, senón que se traduza en melloras tanxibles no proceso de ensino-aprendizaxe nas aulas de educación infantil e primaria.